

ORDENANZA MUNICIPAL E REGLAMENTO PARA A CONSERVACIÓN DE CAMIÑOS E VÍAS RURAIS

Artigo 1.- Obxecto e fundamentación legal

1. Esta ordenanza municipal ten por obxecto a regulación do uso, mellora, conservación, mantemento e a defensa de camiños e vías rurais de titularidade municipal do municipio de Castrelo do Val, exceptuando as servidumbres típicas de fincas aisladas que se rexirán polos artigos 564 ó 568 do Código Civil.
2. A presente ordenanza aprobase ó amparo do previsto no artigo 140 da Constitución Española, no artigo 25.2,d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réximen local, aprobado mediante o Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril.

Artigo 2.- Categorías de camiños.

Camiños da rede viaria municipal: Son os camiños e carreteras estruturais do término municipal. Teñen esta condición os que así figuran no Catastro de Rústica, ou nos instrumentos de planeamento xeral ou derivado, así como todos os que están inscritos no inventario municipal.

Artigo 3.- Usos.

1. Son usos ordinarios dos camiños e vías rurais os de circulación de persoas, rebaños, animais de carga, vehículos e maquinaria agrícola e vehículos de turismo, e todo tipo de camiós sempre que sexa eventual.
2. Os outros usos entenderanse como excepcionais e, máis en concreto, os de maquinaria de construción, carreiras e probas ou prácticas deportivas, maquinaria destinada a prospeccións e instalacións mineiras, vehículos deportivos todoterreo, vehículos pesados con un tonelaxe total superior a 15.000 Kg., circulación de materiais perigosos, molestos ou insalubres, e circulación de vehículos especiais con cargas de produtos forestais.

Artigo 4.- Usos excepcionais.

Os usos excepcionais dos camiños e carreteras municipais requirirán a previa autorización municipal, que deberá renovarse o comezo de cada ano, durante o mes de xaneiro.

Dita autorización, estará suxeita o procedemento administrativo e de réxime local aplicable, cas seguintes especialidades.

1. Deberase presentar unha solicitude firmada polo titular ou o representante legal da persoa ou entidade que pretena facer o uso.

2. Esta solicitude deberase presentar con unha antelación previa de 20 días a data prevista para o uso excepcional.

3. Na solicitude deberase especificar o recorrido, o tipo de uso que se fará, a maquinaria que se utilizará e os días e horas previstos.

4. O Concello resolverá a solicitude nun prazo de 15 días a contar desde o día seguinte da súa presentación, excepto que se suspenda a tramitación do expediente por unha causa imputable o interesado. Pasado este prazo, máis o da suspensión, se é o caso, sin notificar a resolución, entenderase denegada por silencio administrativo.

5. A autorización poderá fixar as condicións que se consideren convenientes, así como o depósito de fianzas para garantir a reposición o estado orixinal e a reparación dos camiños afectados, se é o caso.

Artigo 5.- Tasa por uso excepcional e circulación de vehículos pesados.

1. A circulación polos camiños con vehículos de peso total superior a 15.000 Kg, os accesos e cerramentos así como as nivelacións ou movementos de terra das fincas colindantes os camiños precisarán autorización expresa do concello, o abono das taxas reglamentarias e o depósito previo da fianza que se fixe para responder dos eventuais danos e perxuizos. A solicitude tramitarase conforme ó sinalado no artigo 4 da presente ordenanza.

2. Importe dos avales a exixir:

Será necesaria a presentación de aval bancario que responda polos desperfectos que se poidan ocasionar ata o final das operacións. Si se houbera causado dano na infraestrutura do camiño, arreglarase co fondo do aval depositado.

Nos casos cuia utilización sexa permanente ó longo do ano, depositarase aval polas cantidades que correspondan, de acordo co Informe do Técnico Municipal.

Unha vez finalizado o uso excepcional do camiño comunicarase tal circunstancia por escrito ó Concello que comprobará o estado dos camiños afectados tras o cal resolverá o procedente sobre a cancelación da garantía depositada. En caso de que non se producisen danos aparentes ordenarase a devolución da garantía depositada previo ingreso polo solicitante nas arcas municipais do importe do 5 por 100 do aval depositado en concepto de taxas pola autorización municipal.

3.- Os eventuais danos á estrutura e instalacións dos camiños serán reparados polos causantes dos mesmos ou subsidiariamente polo Concello a cargo de aqueles.